

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac2986393765487550409.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos, Benestar Social

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS: LICITACIÓN DUN CONTRATO PARA A COMPRA DE OITO DESHUMIFICADORES PARA O CENTRO DE CONVIVENCIA DA MILAGROSA.

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de investimentos - Modificación Plan de Invetimentos, TC 45-2025 para dar cobertura á aportación municipal da compra de oito deshumificadores para o Centro de Convivencia da Milagrosa, co fin de correxir a humidade que se atopa no centro e acometer as obras de pintado das zonas afectadas, estimado nun prezo de licitación de 2.420,00 € segundo orzamento e prezos de venda ao público consultados, faise necesaria unha modificación do plan de investimentos que implica transferencia de crédito competencia desta Alcaldía.

Vistos igualmente os documentos e informe que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2025/1979, do 11.12.2025.

Tendo en conta as circunstancias urxentes que se poñen de manifesto pola xefa do servizo de Benestar Social, Pilar Rodríguez González o 09.12.2025 coa conformidade da Tte. de Alcalde da área de Cohesión Social, Olga López Racamonde, e dado que as ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación do plan de investimentos do exercicio 2025, que implica ademais unha transferencia de crédito da mesma área de gasto, por un importe global de 2.420,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
25XX00019 (Obras de Accesibilidade) Aplicación orzamentaria 23170.60100	2.420,00 €	25XX00018 (Invetimentos en edificios de servizos Sociais) Aplicación orzamentaria 23150.62300	2.420,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	2.420,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	2.420,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.